



## Concello de Outeiro de Rei

### SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DE 25 DE XUÑO DE 2021

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas e cinco minutos do día vintecinco de xuño de dous mil vinteún, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín; D<sup>a</sup> Pilar Méndez Lombao; D. Antonio López Pérez; D. Jesús Fernández García; D<sup>a</sup> María José Martínez Vigo; D. Luis Varela Pérez; D<sup>a</sup> Tania Díaz Seijas; D. Xosé Ferreiro Fernández; D<sup>a</sup> Elvira Lombao Vila e D<sup>a</sup> María del Carmen Acacio López, co obxecto de celebrar a presente sesión extraordinaria.

Dona Begoña Seco Varela incorpórase no punto de rogos e preguntas.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

#### **1-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 30 DE ABRIL DE 2021.**

Ponse de manifesto aos srs. Concelleiros a acta correspondente á sesión celebrada o día 30 de abril de 2021.

Non xurdindo debate, sométese a votación a proposta de aprobación de dita acta.

Realizada a votación, a acta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

#### **2-RENUNCIA DA CANDIDATA MARÍA MONSERRAT TUBÍO FERNÁNDEZ A SERES PROCLAMADA CONCELEIRA DE OUTEIRO DE REI.**

Ponse de manifesto o escrito de renuncia da Candidata María Monserrat Tubío Fernández a seren proclamada concelleira electa en substitución do Concelleiro Xavier Molinos Campos.

Sométese a votación a toma en consideración da renuncia da candidata María Monserrat Tubío Fernández.

Realizada a votación, o Pleno da Corporación toma en consideración a renuncia pola unimidade dos membros presentes.

#### **3-RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS.**

O Alcalde expón a seguinte rectificación do inventario municipal de bens e dereitos:

PORCIÓN VIAL Nº 195





## Concello de Outeiro de Rei

---

### BONXE

NOME: PORCIÓN VIAL EN BOUZAS – BONXE.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: BONXE

Núcleo/lugar: BOUZAS

Lindeiros: Norte, camiño de Mosteiro, Sur, coa finca matriz, Leste, coa parcela 10065 e ao Oeste, José Hortas.

SUPERFICIE: 351 m2

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 10 de xunio de 2020.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

### PORCIÓN VIAL Nº 196

### SAN LORENZO

NOME: PORCIÓN VIAL EN O COUTO – SAN LORENZO.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: SAN LORENZO

Núcleo/lugar: O COUTO

Lindeiros: Norte, coa finca matriz; Sur e Leste, camiño e Oeste, parcela 292 de José González Díaz.

SUPERFICIE: 445,00 m2

CARGAS: LIBRE DE CARGAS





## Concello de Outeiro de Rei

---

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 2 de xuño de 2.021.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: Finca 6.297, Folio 41, Tomo 1014, Libro 63.

PORCIÓN VIAL Nº 197

SILVARREI

NOME: PORCIÓN VIAL EN CONSTANTE – SILVARREI.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: SILVARREI

Núcleo/lugar: CONSTANTE

Lindeiros: Norte, camiño; Sur, coa finca matriz; Leste, José López Meilán, hoxe María Meilán Núñez; Oeste, Avelina Naval López, hoxe José Castro Castro.

SUPERFICIE: 68 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 18 de decembro de 2020.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: Finca 10339, Folio 37, Tomo 1.118, Libro 90.

PORCIÓN VIAL Nº 198

MOSTEIRO

NOME: PORCIÓN VIAL EN OUTON – MOSTEIRO.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: MOSTEIRO

Núcleo/lugar: OUTON





## Concello de Outeiro de Rei

---

Lindeiros: Norte, camiño público; ao Sur, coa finca matriz; ao Leste, parcela 10 do polígono 83 titularidade de Alfredo Riesco Vila, así como a xa citada parcela 8 e ao Oeste, parcela 15 do polígono 83 titularidade de Luís Florencio López Seijas.

SUPERFICIE: 88 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 21 de xullo de 2020

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: non consta

### PORCIÓN VIAL Nº 199

BONXE

NOME: PORCIÓN VIAL EN EIREXE – BONXE.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: BONXE

Núcleo/lugar: EIREXE

Lindeiros: Norte, coa finca matriz; Sur, camiño; Leste, 522 de Dores Vilar Hortas; e Oeste, 526 de Manuel Fernández González.

SUPERFICIE: 137,55m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 21 de maio de 2021

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: Finca 10464, Folio 5, Tomo 1121, Libro 91.

### PORCIÓN VIAL Nº 200

BONXE

NOME: PORCIÓN VIAL EN A SUBIDA – BONXE.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario





## Concello de Outeiro de Rei

---

**SITUACIÓN:**

Parroquia: BONXE

Núcleo/lugar: A SUBIDA

Lindeiros: que consiste nunha franxa de terreo de largura variable e que abrangue a totalidade da colindancia da parcela co camiño público nos seus lindes oeste, sur e leste. Según plano presentado.

SUPERFICIE: 378,36 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 6 de abril de 2021.

SITUACIÓN REXISTRAL: Rexistro da Propiedade: Finca 8.766, Folio 192, Tomo 1077, Libro 78.

FINCA RÚSTICA Nº 15

OUTEIRO DE REI

NOME: CIRCUITO DEPORTIVO DE OUTEIRO DE REI

NATURALEZA DO INMOBLE:

Ben de natureza demanial

Prescripción: Servizo público deportivo

**SITUACIÓN:**

Ref. catastral: 27039A074001900000GO (Pol 74, parcela 190)

Ref. catastral: 27039A074001840000GT (Pol 74, parcela 184)

Ref. catastral: 27039A074001860000GM (Pol 74, parcela 186)

Parroquia: Robra

Lindeiros: Parcela de forma hexagonal, que linda, dende o sur e no sentido contrario ao das agullas do reloxo, coas parcelas 10005; 91; 200; 206; 209; 208; 183 e coa vía pública municipal.

SUPERFICIE: 38.172 m<sup>2</sup>

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Procedente de cesión de antigos terreos militares desafectados

SITUACIÓN REXISTRAL: Non consta





## Concello de Outeiro de Rei

---

Non xurdindo debate, sométese a aprobación a rectificación do inventario municipal de bens e dereitos.

Realizada a votación da rectificación queda aprobada con nove votos a favor dos concelleiros do PP e do PSdG-PSOE e dúas abstencións dos concelleiros do BNG.

### **4-PROPOSTA DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN PARCIAL SU-SI SANTA ISABEL**

O Alcalde inicia o debate asumindo a defensa da proposta de modificación do Plan Parcial SUB-SI ( Santa Isabel), consistente na habilitación da posibilidade de implantar dentro da delimitación do sector de suelo urbanizable con prescripción de usos residenciais (vivenda unifamiliar), usos dotacionais e de servizos que poden convivir perfectamente cos residenciais.

Trala exposición do contido da proposta de modificación, a concelleira do PSdG-PSOE, dona María del Carmen Acacio López fai uso da súa palabra comentando que segue con dúbidas da natureza das solicitudes de particulares que están detrás da proposta e se xa preveron cómo se pagará o mantemento da piscina municipal que se quere facer.

A concelleira do BNG, dona Elvira Lombao Vila intervéñen expoñendo que se incumpre de novo a Lei de normalización lingüística que di que o galego é a lingua oficial das institucións da Comunidade Autónoma e máis da Administración Local, recordando que os cidadáns teñen o dereito ao uso do galego nas súas relacións coa administración, polo que este documento que se facilitou debería estar redactado en galego.

Asegura que o Alcalde sempre vai a remolque, xa que vende coma seu o proxecto de creación de unha piscina municipal, namentres que o BNG leva varios anos solicitando dita creación. De feito, a última vez que o BNG solicitou formalmente perante este Pleno a construción da piscina foi en febreiro de 2020. Alédase de que, aínda que tarde, remate facendo caso ás solicitudes do BNG.

Ésta e unha modificación dun plan parcial “á carta” como todo o urbanismo que se fai no Concello de Outeiro de Rei, cambiando os plans urbanísticos segundo a conveniencia ou non do Sr. Alcalde e dos favores que éste queira vender.

Fronte a tal urbanismo á carta, o BNG reiteradamente demandou un plan urbanístico xeral para todo o Concello e consensuado cos grupos da oposición e tamén coa veciñanza.

O Alcalde segue sen facer caso a esta demanda, a pesar de que na documentación que se lles achegou da modificación da ordenanza do plan do sector do solo urbanizable en Santa Isabel recoñécese que o núcleo de Outeiro de Rei carece de solo para poder edificar e que non se abren negocios por ese motivo.

O lóxico para evitar esta grave situación é facer un plan urbanístico que permita a creación de solo no núcleo de Outeiro de Rei para abrir eses negocios.

Outro motivo exposto no proxecto de modificación puntual é a de igualar a regulación deste tipo de solo a concellos limítrofes que así o permiten. Resulta curioso que dende que é concelleira do BNG leva escoitando ao Alcalde de que non fai caso do que se fai nos concellos limítrofes.





## Concello de Outeiro de Rei

---

O alcalde contestalle á concelleira do BNG que no PP son coherentes e faise o que se di e dícese o que se fai. Os vecinos son os que teñen a poder de elexir aos que proponen un plan xeral novo ou os que non proponen e xa se ven os resultados de esta elección durante moitos anos. Polo tanto, a día de hoxe, seguirase a facer aquelas modificacións de planeamento que sexan de interese xeral en troques de formular un plan novo.

Sempre se intenta axudar e se unha empresa pide un plan de sectorización á súa medida e se lle fai parece que é unha cacicada.

Afirma que dende o equipo de goberno sempre se tratará de beneficiar aos vecinos e ás empresas, e por este motivo Outeiro de Rei é un dos Concellos da provincia de Lugo que máis esta crescendo.

É curioso que digan que se vai a remolque do que pide a veciñanza, iso é o que se fai. Sempre se está a disposición do que demanden os veciños.

Respecto á normalización lingüística sempre intentando tragiversar. As linguas oficiais de Galicia é o galego e o castelán. E a liberdade é falar e escribir na lingua que se queira.

O Alcalde contestalle á concelleira do PSdG-PSOE que peticións individuais ai de moitos tipos e atendense en función do que demanda a maioría da poboación e do que se vexa que é o correcto.

O mantemento da piscina tratarase de estudar e terase a capacidade de facelo como o teñen outros concellos, que iso non ten nada que ver o tema que se está a tratar. E xa se está xestionando o servizo público de piscina aínda que a propiedade non pertenza ao Concello e asúmese o seu mantemento, sexa directa ou indirectamente.

A concelleira do PSdG-PSOE respostalle ao Alcalde que segue pensando que deberían deixar de actuar, en urbanismo, seguindo as peticións individuais e pensar máis no interese xeral. Que un plan xeral, como comentou a concelleira do BNG, sería beneficioso para o conxunto dos veciños. En canto á liberdade, esa palabra que agora mesmo encheselle a boca á dereita tanto, a liberdade de cada un remata onde comeza a do outro e iso ven garantizado pola lei, é dicir, un plan xeral para o Concello de Outeiro de Rei garantiría a liberdade de cada un.

O alcalde contéstalle que descoñece de qué xeito a liberdade ten que ver con ter un plan xeral en vez de as actuais normas subsidiarias de planeamento. O plan xeral impón unhas directrices para a cidadanía como impón o plan que ten o Concello.

Non están de acordo en que cando haxa outro plan xeral novo sexa inamovíbel, non sería lóxico, porque poden xurdir previsións e outras expectativas para progresar e mellorar que é o que se pretende neste Concello. Dentro das normas urbanísticas e dentro da legalidade vixente farase cando a demanda e ao Concello lle pareza oportuno facelo.

Parte da cidadanía, ou case toda, coñece a lexislación e o que se pode facer co plan que ai agora. Polo tanto, é difícil defender algo que é indefendible.

Sométese a votación a proposta de modificación puntual do plan parcial SU-SI Santa Isabel.

Realizada a votación, queda aprobada a proposta de modificación pola unanimidade dos presentes.





## Concello de Outeiro de Rei

### 5-PRÓRROGA DAS BONIFICACIÓNS POTESTATIVAS DO IBI E IAE

O alcalde inicia a defensa da seguinte

#### *PROPOSTA DE PRÓRROGA DA VIXENCIA DAS BONIFICACIÓNS POTESTATIVAS NOS IMPOSTOS DE BENS INMOBLES E DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS*

*O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 28 de decembro de 2017, acordou a aprobación provisional da modificación das Ordenanzas fiscais reguladoras do Imposto de Bens Inmoables de Natureza Urbán, Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, Imposto de Actividades Económicas, e Taxa por expedición de licenzas urbanísticas de actividade, primeira utilización e realización de actividades administrativas de control.*

*No BOP de 24 de abril de 2018 publicouse a aprobación definitiva de tal modificación.*

*Dita modificación incorporaba as seguintes bonificacións:*

*PRIMEIRO. Aprobar a modificación do artigo 3 da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Bens Inmoables, coa redacción que se recolle a continuación:*

*Artigo 3: Bonificacións potestativas.*

*1º.-As vivendas que constitúan a residencia habitual de familias numerosas gozarán dunha bonificación na cota íntegra do imposto, de acordo coas seguintes categorías:*

*- Xeral: bonificación do 50% para aqueles suxeitos pasivos titulares de familias numerosas con tres ou catro fillos, ou que, tendo dous fillos, un deles teña un grado de minusvalía superior ao 66%.*

*- Especial: bonificación do 75% para aqueles suxeitos pasivos titulares de familias numerosas de máis de catro fillos.*

*Aos efectos da clasificación na categoría xeral ou especial anterior, estarase ao disposto na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de Protección de Familias Numerosas.*

*Terá a consideración de vivenda habitual a que figure como residencia no Padrón Municipal.*

*Os suxeitos pasivos do imposto deberán presentar, xunto coa solicitude de bonificación, os documentos oficiais acreditativos da súa condición de familia numerosa.*

*2º.- Establécese unha bonificación da cota íntegra do imposto a favor de inmoables urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, que impliquen a creación de novos postos de traballo.*

*O importe da bonificación será o seguinte:*

*- Creación de até 5 postos de traballo: bonificación do 50% da cuota.*

*- Creación de entre 6 e 20 postos de traballo: bonificación do 75% da cuota.*







## Concello de Outeiro de Rei

- Creación de máis de 20 postos de traballo: bonificación do 95% da cuota.

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións e se aplicará aos tres exercizos tributarios seguintes a aquel no que se inicie a actividade económica e se produza a creación de emprego. Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

3º.-Ao abeiro do disposto no artigo 9 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais,terán dereito a unha bonificación do 2 por cento da cota íntegra do imposto aqueles suxeitos pasivos que domicilien os seus pagos nunha entidade financeira.

SEGUNDO. Aprobar o artigo 3.bis da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de Construcións, Instalacións e Obras, coa redacción que se recolle a continuación:

Artigo 3º bis.- Bonificacións tributarias.

Establécese unha bonificación de ata o 95 por cento da cota íntegra do imposto para as construción, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración.

Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións, sempre e cando implique creación de emprego.

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

En relación coa bonificación citada, establécense os seguintes tramos:

-95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo.

-75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.

-50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo

Esta bonificación terá unha vixencia de tres exercizos naturais a contar dende a súa entrada en vigor. Transcurridos éstos decaerán na súa vixencia salvo acordo expreso de prórroga adoptado polo Pleno da Corporación.

TERCEIRO. Engadir unha Disposición Adicional Terceira á Ordenanza reguladora do Imposto de Bens Inmóbles, coa redacción seguinte:

Disposición Adicional terceira: Imposto de Actividades Económicas.

Establécese unha bonificación da cota correspondente para os suxeitos pasivos que tributen pola cota municipal e que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que impliquen a creación de novos postos de traballo.

O importe da bonificación será o seguinte:

- Creación de até 5 postos de traballo: bonificación do 50% da cuota.





## Concello de Outeiro de Rei

- Creación de entre 6 e 20 postos de traballo: bonificación do 75% da cuota.

- Creación de máis de 20 postos de traballo: bonificación do 95% da cuota.

A bonificación aplicarase á cota resultante de aplicar, no seu caso, a bonificación á que se refire a Disposición Adicional Segunda.

Esta bonificación será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións e se aplicará aos tres exercizos tributarios seguintes a aquel no que se inicie a actividade económica e se produza a creación de emprego.

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

CUARTO. Engadir unha Disposición Transitoria á Ordenanza reguladora do Imposto de Bens Inmóveis, coa redacción seguinte:

### Disposición Transitoria

As bonificacións potestativas previstas no artigo 3.2 e na Disposición Adicional Terceira terán unha vixencia de tres exercizos naturais. Transcurridos éstos decaerán na súa vixencia salvo acordo expreso de prórroga adoptado polo Pleno da Corporación.

De conformidade co disposto no apartado cuarto, a vixencia de ditas bonificacións decaeu o pasado 24 de abril de 2021.

Non obstante, as circunstancias excepcionais acontecidas nos últimos meses levan a considerar como máis necesarias que nunca a adopción de medidas de apoio ao emprendemento empresarial, motivo polo cal PROPOÑO ao Pleno da Corporación:

PRORROGAR por outros tres anos e con efectos dende o día 24 de abril de 2021, a vixencia das bonificacións potestativas do Imposto de Bens Inmóveis e máis do Imposto de Actividades Económicas, aprobadas na sesión plenaria de data de 28 de decembro de 2017.

Non xurdindo debate, sométese a votación a proposta de aprobación transcrita.

Realizada a votación, a prórroga queda aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

## 6-MOCIÓN DO BNG RELATIVA Á LIMPEZA DAS CUNETAS

O concelleiro do BNG, don Xosé Ferreiro asume a defensa da seguinte moción do seguinte teor literal:

“Elvira Lombao Vila e Xosé Ferreiro Fernández, concelleira e concelleiro do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte:

**MOCIÓN RELATIVA Á LIMPEZA DAS CUNETAS, ASÍ COMO AO DESBROCE URXENTE DOS CRUCES E CURVAS PERIGOSAS DAS PISTAS DE COMPETENCIA MUNICIPAL**





## Concello de Outeiro de Rei

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha das facetas onde mellor se percibe a preocupación pola seguridade dos veciños e veciñas que ten o Concello de Outeiro de Rei é todo o que ten que ver coa limpeza das cunetas das estradas municipais. A pesares diso, neste momento xa rematando o mes de xuño, a inmensa maioría das parroquias aínda non viron as máquinas desbrozadoras do concello e, polo tanto, os seus camiños e pistas aínda están sen empezar a limpar.

Esta situación non só lanza unha imaxe penosa do concello, senón que atenta dun xeito grave contra a propia seguridade das persoas, tanto das que vivimos en Outeiro como das que traballan ou nos poidan visitar por calquera tipo de motivo.

Na maioría destas pistas resulta imposible neste momento que se crucen dous coches, tendo que parar obrigatoriamente un deles para que poida pasar o outro. Ademais disto, tanto nas curvas un pouco pechadas como nos cruces, a visibilidade é practicamente nula, o que provoca situacións constantes de perigo que poden provocar un accidente en calquera momento.

En canto ao peóns, a situación é aínda moito peor, pois ao ter que camiñar pola calzada, cando se achega algún coche teñen que meterse á cuneta por riba das herbas, as cales lles chegan ata cintura, se non queren correr o risco de ser atropelados, risco que se incrementa pola falta de visibilidade existente.

Toda esta situación agrávase máis nas parroquias que non gozan do “favor” do alcalde e concelleiros/as responsables desta área, pois neses casos a limpeza non se leva a cabo ata finais do verán, cando xa a maleza está desaparecendo por si soa, o que fai que teñan que pasar todo o verán soportando esta situación.

Toda esta desidia e abandono débese á nefasta planificación do traballo e ás decisións políticas do alcalde, o cal prefire ter o persoal do concello parado en moitas épocas do ano no canto de telo traballando na limpeza das pistas. Ao mesmo tempo, tamén toma a decisión política de investir os recursos do concello noutro tipo de obras faraónicas que só interesan a unha pequena parte da poboación no canto de atender a estas necesidades urxentes do conxunto da veciñanza. Son decisións políticas que indican a forma de gobernar do PP de Outeiro e do seu alcalde.

Por todo isto, seguindo na liña construtiva que está a caracterizar todas as propostas do BNG, e desde unha total responsabilidade, o BNG PROPÓN ao Pleno municipal de Outeiro de Rei o debate e aprobación da seguinte MOCIÓN:

O Pleno do Concello de Outeiro de Rei insta ao Alcalde, ou ao organismo que corresponda segundo as competencias legalmente establecidas, para que poña en marcha os mecanismos necesarios para:

1. Que se programen limpeza periódicas das cunetas de todas as vías municipais, as veces ao ano que sexa necesario, facendo un especial fincapé nas zonas que poden representar un perigo para a circulación.

2. Que se proceda, de forma urxente e usando todos medios que sexan precisos, á limpeza de maleza das inmediacións de todos os cruzamentos e bifurcacións existentes nas vías de competencia municipal.





## Concello de Outeiro de Rei

---

3. *Que se inclúan nos orzamentos do ano 2021 as partidas económicas necesarias para facer fronte aos gastos que poidan ter estas actuacións*

Rematada a defensa vai uso da súa palabra o voceiro do PP que contéstalle que é evidente que aí estradas doutras administracións que están sen limpar e sen reparar, e cheas de fochancas.

Engade que lle gustaría chegar a facer todo o que proponen e que o faría sen dúbida de ter recursos suficientes.

Os concelleiros da oposición creen que por haber un pequeno incremento económico no IBI como consecuencia da alteración catastral das parcelas as que son edificables e non estaban catastradas coma tales que o Concello ten cartos de sobra. Asegura que todos os impostos son caros, e o mellor sería que houbera menos impostos que pagar pero os impostos hai que comparalos cos demais Concellos e cos servizos prestados.

Din que os Centros culturais e os entornos da Igrexas non é o máis prioritario para empezar a limpar, pero aí que pensar que esas zonas deben estar limpas. Ata o ano pasado celebrábanse as festas en cada parroquia do concello e anque pola situación actual non se están celebrando, pretendese seguir tendo limpos eses espazos.

Desminte categóricamente que se priorice a limpeza das parroquias de onde son os concelleiros, e pon coma exemplo na parroquia donde vive o alcalde, que nin é a primeira, nin a segunda... ni se empeza por ela. O que pretenden con iso é desinformar á poboación.

O concelleiro do BNG, don Xosé Ferreiro intervén dicindo que o referente á limpeza dos sitios que acaba de mencionar o alcalde non lles parece mal. Só din que teñen tanta urxencia aqueles cruces e curvas con perigo por falla de visibilidade.

Parece que aí unha forte competencia entre a Deputación e o Concello de Outeiro de Rei para ver quen limpa menos as cunetas ou as limpa máis tarde. Non é desculpa para non limpar as pistas do Concello o feito de que a Deputación non limpa as súas.

Dille ao voceiro do PP que si lle preocupan tanto as fochancas que aí nas estradas da Deputación, non entende porqué o PP votou en contra as dúas propostas que trouxo o BNG ao Pleno para dirixirse á Deputación para que arranxara as estradas que eran da súa competencia. Nesta moción unicamente piden que se limpen as cunetas por razóns de seguridade, non o fan co afán de discutir.

Solicita que nos orzamentos do 2021 se metan as partidas necesarias para solucionar este tema que se está tratando. E por último, informa que nalgunha ocasión, cando as máquinas estando traballando nun sitio chegou un concelleiro/a e cambiounas para a xunto a súa casa.

O voceiro do PP recordalle que quen paga todo o que se fai son os vecinos. Os políticos soamente administran. Poderíase cortar a herba dúas ou tres veces pero pagaríanse dúas ou tres veces. Vai intentar seguir a manter un equilibrio e intentar mellorar.

Non é certo que os concelleiros cambien as máquinas onde están para xunto as súas casas. Iso non é verdade, porque vai ser difícil que alguén controle máis o que pasa no Concello que o Alcalde. Outra cousa é que se cambien de sitio por outro tipo de razón.





## Concello de Outeiro de Rei

Non van apoiar esta moción porque senón teríase que comezar a actuar xa. Se a situación económica o permite, o ano que ven faranse cousas para mellorar o tema que se estivo tratando nesta moción.

O Alcalde preguntalle ao concelleiro do BNG se quere facer alguna modificación ou retirar a moción e dille que non.

Sométese a votación a moción relativa á limpeza das cunetas.

Realizada a votación, a moción queda rexeitada con oito votos en contra dos concelleiros do grupo municipal do PP e tres votos a favor dos concelleiros dos grupos municipais do BNG e máis do PSdG-PSOE.

### **7-MOCIÓN DO PP EN RELACIÓN Á CONECTIVIDADE NO TERMO MUNICIPAL DE OUTEIRO DE REI.**

O Alcalde inicia a defensa da moción do seguinte teor literal:

*“MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL POPULAR DO CONCELLO DE OUTEIRO DE REI, EN RELACIÓN Á CONECTIVIDADE NO TERMO MUNICIPAL DE OUTEIRO DE REI*

*O Grupo Municipal Popular no Concello de Outeiro de Rei-, conforme ao previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ao Pleno Municipal a seguinte Moción:*

#### *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*A día de hoxe, e cada vez máis, a conectividade de forma similar as redes de electricidade, de abastecemento de auga ou de transporte, configúrase como unha infraestrutura esencial no desenvolvemento da sociedade.*

*A importancia da necesidade de cobertura púxose de manifesto sobre todo nos últimos meses debido á situación motivada pola pandemia da Covid-19, que evidenciou a importancia desta ferramenta para o tele traballo de milleiros de persoas, na educación, no acceso aos servizos públicos e incluso como único medio de comunicación coas familias e amigos, entre outros.*

*Pero ademais, existen numerosos estudos que amasan unha correlación positiva entre a penetración das redes de alta capacidade nun país e o crecemento económico do mesmo.*

*A propia UE fixou como obxectivos estratéxicos de conectividade para 2025:*

- a conectividade de alta velocidade para todos os principais motores socioeconómicos.*
- unha cobertura 5G sen interrupcións nas zonas urbanas e grandes vías de transporte terrestre.*
- e un acceso á conectividade que ofrezca polo menos 100 Mbps a todos os fogares europeos.*

*Na mesma liña, o Goberno do Estado na axenda dixital “España Digital 2025” establece como obxectivo, garantir unha conectividade dixital adecuada para o 100% da poboación,*





## Concello de Outeiro de Rei

*promovendo a desaparición da fenda dixital entre as zonas rurais e as urbanas e establecendo como meta para o ano 2025 o 100% da poboación con cobertura 100Mbps.*

*A Xunta de Galicia, co obxectivo de configurar un futuro dixital para a cidadanía galega e contribuir ao desenvolvemento económico, social e medioambiental do noso territorio, fixou como folla de ruta a Estratexia Galicia Dixital 2030, asegurando así a integración e perfecta coordinación co establecido pola UE e a España Digital 2025.*

*Neste senso, os concellos como administracións máis próximas aos cidadáns atendemos a diario as peticións de acceso á cobertura de banda larga e á cobertura de banda larga ultrarrápida que realizan as veciñas e veciños, así como as empresas das zonas con falta de conectividade ou insuficiente conectividade. Estas demandas non só as fan os nosos vecinos e empresas, senón tamén aqueles que desexan instalarse no noso Concello.*

*A necesidade destas peticións é evidente. Por poñer uns exemplos sinxelos: como podemos nun concello ofrecer administración electrónica ou comunicarnos electrónicamente cos administrados se estes non dispoñen de internet?, por qué lle negamos a un veciño que dispoña dunha casa rural anunciar ou xestionar as reservas no seu negocio?*

*Por tanto a conectividade, é dicir, o acceso a Internet máis rápida e de mellor calidade ten unha importancia crecente, non só para a competitividade empresarial, a innovación e a cohesión territorial, senón tamén pola súa contribución á inclusión social, e en definitiva á mellara da calidade de vida dos veciños, para evitar o despoboamento e mellorar o desenvolvemento dos concellos.*

*Tendo en conta que as telecomunicacións son servizos de interese público, estando garantido o dereito de todos os cidadáns ao acceso en condicións adecuadas independentemente da dispersión poboacional, da orografía e o relevo do territorio, e dado que os concellos ao igual que o resto de administracións públicas temos a obriga de velar pola igualdade de oportunidades de toda a cidadanía e toda vez que detectamos que no Concello de Outeiro de Rei non existe despregamento de redes na maior parte dos núcleos de poboación e tamén nas vivendas illadas.*

*En base ao anteriormente exposto o Grupo Popular do Concello de Outeiro de Rei solicita ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:*

*Primeiro: Trasladar ao Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital a nula ou insuficiente conectividade en tódolos núcleos que non dispoñan dela no Concello de Outeiro de Rei.*

*Segundo: Instar ao Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital para que, no territorio galego e no marco das súas competencias, priorice o despregamento de banda larga nas zonas brancas das entidades de poboación menos poboadas, así como nas zonas que non están catalogadas como "zonas brancas" na listaxe elaborada polo dito Ministerio pero que o son de facto, así como dote tamén de cobertura ás zonas que non dispoñen nin tan sequera de servizos básicos de telefonía móbil, como áreas de maior risco de fenda dixital, e teña en conta as achegas dos concellos como institucións máis próximas á realidade e mellar coñecedoras das necesidades do seu territorio.*

*Terceiro: Instar ao Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, para que no marco da súas competencias proceda, á maior brevidade, ao despregamento de redes de banda*





## Concello de Outeiro de Rei

*ancha e telefonía móbil en tódolos núcleos de poboación do noso concello para asegurar así unha correcta provisión das necesidades de comunicación propias, eliminar a fenda dixital e as barreiras e desigualdades que xorden entre a poboación dependendo do seu lugar de residencia.*

Rematada a defensa da moción fai uso da súa palabra o concelleiro do BNG, don Xosé Ferreiro dicindo que están de acordó coa moción tanto no fondo como na forma. Matiza que se vai recibir unha cantidade inxente de fondos pero de forma indirecta máis da metade hai que devolvelos. Ese reparto dos fondos vaise facer dunha forma centralista pasando por encima das CCAA e dos concellos e dendo o BNG están en desacordo.

A concelleira do PSdG-PSOE, dona María del Carmen Acacio dille ao voceiro do PP que non entende a súa posición de querer máis conectividade, máis banda larga e máis cobertura, cando o 1 de outubro de 2020 o PP vetou na Comisión de Industria do Parlamento de Galicia unha proposta socialista para pedirlle á Xunta que cumpra cos compromisos acadados para a extensión do Plan de banda larga aprobado en 2015. Por certo, este veto coincidía cunha proposta do PP para pedirlle ao Estado a extensión de banda larga con fondos Feder.

Non se trata de pasarse a pelota uns aos outros, saben perfectamente que a Xunta asumira no ano 2015 o obxectivo da Axenda Dixital Europea para garantir unha conexión mínima de 30 Mb por segundo, que é o que se pide nesta moción, en todo o territorio galego no 2020.

Pensa que nesta moción se debería instar á Xunta de Galicia e non ao Ministerio, xa que é a aquela a quen lle corresponde cumprir aqueles compromisos asumidos en 2015 e traballar dunha vez por todas contra esa diferenciación entre o rural e o urbano e facer que esa fenda desapareza.

O Alcalde resposta á Concelleira do PSdG-PSOE que este asuntos ten dúas aspectos moi sinxelos. Hai unha realidade de falta de conectividade no rural e unha previsión de inxente cantidade de fondos europeos. Ao mesmo tempo, o Goberno Central vai facer o reparto deses fondos como queira. Acaba de recoñecelo o BNG, que non o vai a repartir coas C.C.A.A. nin cos Concellos.

Recordalle ao BNG que no seu momento cando investiron a Pedro Sánchez, dixeron que ían ter moita influencia. Por iso requírelles para exerzan toda a capacidade que poidan para que o Goberno vaia na liña de que haxa un reparto coas C.C.A.A. e, por suposto, cos Concellos e que non se faga todo de xeito centralizado.

Agradecelle ao BNG que vaia apoiar esta moción.

Referíndose á concelleira do PSdG-PSOE, di que os representantes do PSOE sempre fan o mesmo, gobernan, teñen o poder e queren controlar as C.C.A.A. e encima impoñerlles obrigacións namentres eles xestionan os cartos.

Sométese a votación a moción do PP en relación á conectividade no termo municipal de Outeiro de Rei.

Realizada a votación, a moción queda aprobada con dez votos a favor dos concelleiros dos grupos municipais do PP e do BNG e cun voto en contra do representante do grupo municipal do PSdG-PSOE.





## Concello de Outeiro de Rei

### **8- MOCIÓN URXENTE DO BNG PARA SE AMPLIAR A A SENDA VERDE PROXECTADA DENDE OUTEIRO A GUILLAR PARA QUE CHEGARA ATA O CANEIRO DO PIAGO**

O concelleiro do BNG, don Xosé Ferreiro asume a defensa da seguinte moción do seguinte teor literal:

*“MOCIÓN URXENTE RELATIVA Á AMPLIACIÓN DO PROXECTO DA SENDA PEONIL ENTRE OUTEIRO E GUILLAR PARA QUE CHEGUE TAMÉN AO CANEIRO DO PIAGO XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA:*

*Os motivos de que esta moción sexa tratada como urxente son tres:*

*- A negativa do alcalde a que esta moción fose tratada como unha moción ordinaria, a pesares de que foi presentada en tempo e forma e antes de que o Pleno fose convocado. Ademais, hai que ter en conta que tan só hai outras dúas mocións presentadas, das cales só e unha do BNG..*

*- Que un dos asuntos da orde do día do pleno é a aprobación da ocupación dos terreos para empezar a construción da obras do paseo peonil que nesta moción se propón ampliar, co que no caso de aprobarse, canto antes se integrasen estes cambios, mellor resultaría para desenvolvemento do proxecto.*

*- Que o feito de tratarse esta moción neste pleno aforrarlle á oposición ter que forzar a convocatoria dun pleno extraordinario onde puidésemos levar todos estes temas que o alcalde se nega a tratar, cuestión que leva consigo un gasto de tempo e recursos que deberíamos evitar.*

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

*O goberno municipal vén de presentar neste pleno do mes de xuño o proxecto de construción dunha ruta peonil dende Outeiro de Rei ata San Martiño de Guillar, transcorrendo todo o seu recorrido por estradas de competencia municipal. Ao mesmo tempo, en setembro de 2017 o Grupo Municipal do BNG presentara unha proposta para que se solicitase á Deputación Provincial a construción dunha senda verde dende as urbanizacións de Guillar ata o núcleo de Martul, pasando por Marcelle e o Caneiro do Piago.*

*Naquela ocasión ao señor alcalde non lle pareceu ben a proposta do BNG e votou en contra de solicitar á Deputación a construción deste camiño peonil. Agora, que dende o concello se mudou de idea e si parecen interesarlle este tipo de servizos, parécenos razoable aproveitar este proxecto e ampliálo, para que se enlazara a proposta actual cun ramal a maiores que descorra dende o punto de cruce desta senda coa pista de Robra ao Piago e seguise esa estrada ata a intersección coa estrada de titularidade da Deputación LU-3908 que vén de Guillar e Marcelle, xa ao carón do propio caneiro do Piago. Só con esta ampliación conseguiríase que as persoas que viven en Outeiro puideran chegarse camiñando ou en bicicleta ata o Caneiro do Piago, ao igual que poderían facer o mesmo as que residen en Guillar, tanto nas urbanizacións como no resto da parroquia.*

*Ademais diso, o ideal tamén sería que a propia Deputación continuara esta infraestrutura, completando este carril peonil e para bicicletas ata o núcleo de Martul, pasando loxicamente polo Caneiro do Piago. Do mesmo xeito, tamén debera construír a senda por toda a estrada na*







## Concello de Outeiro de Rei

*outra dirección ata a urbanización de Guillar e pasando por Marcelle. Deste xeito estaríamos dando un servizo moi importante para que as persoas de todas as idades poidan pasear, camiñar, andar en bicicleta ou mesmo para practicar deporte con comodidade e con toda tranquilidade nunha das zonas máis poboadas do concello e que sen dúbida máis necesitan este tipo de servizos, atendendo ademais a unha reivindicación dos veciños e veciñas da zona.*

*Por todo isto, seguindo na liña construtiva que está a caracterizar todas as propostas do BNG, e desde unha total responsabilidade, o BNG PROPÓN ao Pleno municipal de Outeiro de Rei o debate e aprobación da seguinte MOCIÓN:*

*O Pleno do Concello de Outeiro de Rei insta ao Alcalde, ou ao organismo que corresponda segundo as competencias legalmente establecidas, para que poña en marcha os mecanismos necesarios para:*

*1. Ampliar o proxecto actual de ruta peonil entre Outeiro e Guillar para que chegue un ramal ata o Caneiro do Piago, pola pista de titularidade municipal que vai de Robra ao citado caneiro.*

*2. Que se solicite á Deputación Provincial que proceda a construír unha senda verde entre Guillar e o núcleo de Martul ao longo da estrada provincial LU-3908, pasando por Marcelle e O Piago, que complementa esta proxectada polo concello .*

*3. Que se inclúan nos orzamentos do ano 2021 as partidas económicas necesarias para facer fronte aos gastos que poidan ter estas actuacións”.*

Engade que no seu día o Alcalde dixo de tratar só unha moción por cada grupo político da oposición o que lles parece unha postura antidemocrática, e cada vez lle molesta máis, dirixíndose ao Alcalde, as propostas que se fan dende a oposición. Polo que serían seis mocións ao longo do ano para cada grupo político da oposición.

No Pleno anterior tiñan catro preguntas feitas e só se lles respondeu a dúas expoñendo que na Deputación só se contestaban dúas preguntas en cada Pleno, que é certo, pero esquece que nesa mesma Deputación cada grupo político pode presentar dúas moción independentemente dos grupos políticos que poida haber.

O Alcalde dille ao concelleiro do BNG que o que fixo foi defender a moción non a urxencia da moción. Proponlle declarala de urxencia.

O concelleiro do BNG acepta o que propón o Alcalde.

Sométese a votación a urxencia da moción.

Realizada a votación, a urxencia da moción queda aprobada pola unanimidade dos presentes.

A concelleira do PSdG-PSOE di que lle parece perfecto a solución proposta e que no último Pleno acordouse que se se alongaba moito se podería cambiar a hora da sesión.

O Alcalde di que non teñen ningún problema en debatir calquera cuestión que plantexen pero, como en todas as Administracións, ai que respetar unha orde e uns tempos.





## Concello de Outeiro de Rei

A filosofía do paseo peonil e en bicicleta de Outeiro a Guillar é unir as dúas zonas do Concello con maior poboación. O que proponen na moción non ten nada que ver con isto.

Entón, non ai urxencia nesta moción, xa que se podería tratar neste pleno ou no pasado.

O concelleiro do BNG, don Xosé Ferreiro intervén afirmando que é coherente e razoábel que nun Pleno que se celebra cada dous meses, os grupos políticos da oposición poidan traer dúas mocións, se o consideran oportuno.

E referente aos tempos, dille ao Alcalde, que iso ten que telo en conta xa que un 70% da duración da sesión a consumen as súas intervencións.

En relación á moción consideran que co proxecto que ai para a senda peonil sería moi interesante que a xente que circula polo paseo entre Outeiro e Guillar puidera no cruce coa pista de Robra desviarse ata o Piago. E estaría moi ben que existise un carril fora da estrada para camiñar ou pasear.

O Alcalde respóndelle que o primeiro que lle diría á Deputación é rematar de arranxar esa estrada e despois non se oporá as melloras que propoña para o Concello.

Sométese a votación da moción de urxencia do BNG para que se ampliara a senda verde proxectada dende Outeiro a Guillar para que chegara ata o Caneiro do Piago.

Realizada a votación, a moción queda rexeitada con oito votos en contra dos concelleiros do PP, dous votos a favor dos concelleiros do BNG e unha abstención da concelleira do PSDG-PSOE.

### 9-ROGOS E PREGUNTAS

A instancias do Alcalde, o secretario da lectura en viva voz do seguinte rogo:

*Protección do niño de cegoña existente no cruce da N-VI e a estrada de acceso á urbanización de Guillar*

*Xosé Ferrelro Fernández e Elvira Lombao Vila, como concelleiro e concelleira do Bloque Nacionalista Galego no concello de Outeiro de Rei MANIFESTAN*

*Que nos últimos días varios veciños e veciñas se dirixiron a este grupo político preocupándose polo futuro do niño de cegoña existente no cruce da N-VI coa estrada de acceso á urbanización de Guillar, onde se están a realizar obras e onde temen que este niño sufra danos, ben de xeito accidental ou ben se no transcurso destas obras houbera que modificar a colocación do poste de electricidade onde está este niño.*

*Dada a época do ano na que nos atopamos, as cegoñas están en época de cría, co que é moi probable que este niño teña crías neste momento, circunstancia que agravaría aínda máis calquera dano que puidera sufrir.*

*Debido a traxectoria pasada neste concello de falta de sensibilidade tanto polo patrimonio histórico e cultural como polo natural, dende o BNG queremos anticiparnos*





## Concello de Outeiro de Rei

antes de que non haxa remedio e dende ese punto de vista procedemos a comunicar e SOLICITAR:

Que o concello de Outeiro de Rei se dea por comunicado tanto da existencia como do perigo que corre debido ás obras da zona este niño de cegoña situado no punto anteriormente descrito e onde unha parella destes animais están criando ás súas crías.

Que dende o concello se proceda a tomar as medidas oportunas para protexer este niño de calquera dano que se lle puidera producir debido ás obras ou calquera outra circunstancia "accidental" que puidera ocorrer.

Neste intre incorpórase concelleira D<sup>a</sup> Begoña Seco Varela.

O Alcalde asegura que baixo ningún concepto vai permitir que se diga que o Concello de Outeiro de Rei non é respetuoso co medio ambiente ou co Patrimonio, xa que non é certo.

Informa que o niño de cegoña xa está protexido, e que se fixo unha veirarúa ao redor do poste.

O secretario da lectura en viva voz de preguntas presentadas do seguinte teor literal:

*Xosé Ferreiro Fernández e Elvira Lombao Vila, concelleiro e concelleira do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan para a súa resposta por parte da Alcaldía a seguinte PREGUNTA REFERIDA AOS INGRESOS POR PARTE DO CONCELLO DEBIDO A UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS POR PERSOAS OU ENTIDADES ALLEAS*

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

*Neste momento o concello de Outeiro posúe varias instalacións que son da súa propiedade, sendo construídos e mantidos cos cartos de todos os veciños e veciñas do concello. Nos últimos tempos, obsérvase que varias destas instalacións municipais están a ser usadas por persoas e entidades alleas ao concello para distintas actividades.*

*Ao mesmo tempo, a veciñanza do concello de Outeiro está a sufrir unha presión de subida de impostos e taxas sen precedentes, motivo polo que quere coñecer todos os posibles ingresos que poida ter o concello.*

*É por todo iso, polo que dende o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego en Outeiro de Rei queremos presentar ante o Pleno desta Corporación, e para contestación por parte do Alcalde a seguinte PREGUNTA:*

*Canto recadou no último ano o concello de Outeiro pola utilización das instalacións municipais por persoas ou entidades alleas ao propio concello?*

O Alcalde resposta que as instalacións deportivas neste Concello non están concebidas para recaudar. O obxectivo é promocionar o deporte nos nenos, maiores, veciños e xente xove. Tamén ten en conta que a xente de outros Concellos se desprazan a Outeiro de Rei o que supón beneficios para este Concello, como por exemplo na hostalería.





## Concello de Outeiro de Rei

O Alcalde enumera as diferentes actuacións desenvolvidas nas instalacións deportivas, tales coma competicións, entrenamentos, maratóns deportivos, eventos... Nos campos de fútbol tamén se celebran competicións, entrenamentos, maratóns.. E no Circuito de Robra ca Escola de Pilotos, realízanse actuacións de seguridade vial, entrenamentos de motos e kart, competicións deportivas...

Nalgunha de estas actuacións sí se recada algún cargo, pero o obxectivo de estas actividades non é recaudatorio. Asemade, informa que os vecinos e veciñas deste Concello pagan menos ou as veces non pagan nada.

A recaudación aproximada no ano 2020 por todas estas actividades é de entre 4.000 € e 4.500 €.

O Secretario da lectura ao seguinte escrito de preguntas, do seguinte teor literal:

*Xosé Ferreiro Fernández e Elvira Lombao Vila, concelleiro e concelleira do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan para a súa resposta por parte da Alcaldía a seguinte PREGUNTA REFERIDA REFERIDA AOS INTEGRANTES DAS XUNTAS DE CONTRATACIÓN DO CONCELLO DE OUTEIRO*

### *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:*

*Por hixiene democrática, todos os procesos de contratación pública deben ter a máxima transparencia posible, pois ademais representar a imaxe de limpeza e transparencia das administracións, constitúen xunto coa contratación de persoal a fonte máis importante de corrupción política que existe, tal e como se demostra na multitude de casos que todos os días vemos nos medios de comunicación.*

*Nese senso, dende o Grupo do BNG observamos que nos distintos procedementos de adjudicacións e contratación de obras ou servizos por parte do concello de Outeiro de Rei non se fan públicos no portal de transparencia (Perfil do Contratante do Concello que, no caso de Outeiro, é a Plataforma de Contratación do Estado) os nomes das persoas integrantes das mesas de contratación, tal e como a normativa determina.*

*É por todo iso, polo que dende o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego en Outeiro de Rei queremos presentar ante o Pleno desta Corporación, e para contestación por parte do Alcalde a seguinte PREGUNTA:*

*Cal é o motivo polo que o concello de Outeiro de Rei non fai públicos no Perfil do Contratante do Concello os nomes dos integrante das mesas de contratación para a adjudicación das obras e/ou servizos que se levan a cabo por ese procedemento por parte do concello?*

O Alcalde dalle a palabra a o Sr. Secretario.

O Secretario fai uso da súa palabra informando que a composición da mesa de contratación contense nos pregos.





## Concello de Outeiro de Rei

---

Habitualmente a cláusula 17 dos pregos de condicións administrativas establece cal é a composición da mesa de contratación e os pregos de condicións administrativas publicanse no perfil do contratante do Concello e na plataforma de contratación do Sector Público.

E non habendo máis asuntos a tratar, o Alcalde levanta a sesión sendo as catorce horas e trinta e oito minutos, da que eu, Secretario, extendo a presente acta co visto e prace do sr. Alcalde.

O Secretario

Vº Pº; O Alcalde

